



**Comité Intercentros  
Universidade de Vigo**

Rexistro nº: UVIGO1505 Nº 200305006324  
23-12-03

De novo unha sentenza ven a darlle a razón a un traballador que esixe que se lle pague a antigüidade acumulada tanto na Universidade de Vigo, onde desenvolveu como contratado o seu traballo, coma na administración pública.

Desta vez, ó ser a cantidade reclamada inferior a 1803 € o Maxistrado Titular do Xulgado do Social nº 2 de Vigo falla que contra a súa resolución non se pode interpoñer recurso algún, obrigando polo tanto á Universidade de Vigo a abonar 1321,6 € ó traballador demandante, cantidade que corresponde ós atrasos por trienio dende o 1-1-2001 data de efectos económicos do I Convenio Colectivo da Universidade de Vigo.

Nun escrito anterior, con nº de rexistro 200300005174, o Comité Intercentros solicitaba que a Universidade de Vigo non interpuxera recurso e aceptara o fallo doutra sentenza na que se recoñece o dereito de dous traballadores contratados a percibir o complemento de antigüidade en igualdade de condicións que o persoal fixo.

A obstinación da empresa está obrigando os traballadores e traballadoras a reclamar o seu dereito a través dos xulgados e a realizar un gasto extra para pagar os servizos xurídicos que os representan, gasto, por certo, do que non está exenta a Universidade de Vigo.

É por iso polo que o pleno do Comité Intercentros na reunión celebrada o pasado 4 de decembro acordou volver a reiterar a petición feita no escrito antes citado ó compartir plenamente os argumentos expostos polos maxistrados en ámbalas dúas sentencias.

Vigo, 6 de novembro de 2003.  
O PRESIDENTE DO COMITÉ  
INTERCENTROS

Cándido Pérez Betanzos

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO**